



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

TRAMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE MONFERO

Tendo en conta a necesidade de regular a protección dos camiños e das vías municipais por mor da actividade madeireira do municipio; actividade de suma importancia que trae consigo que en ocasións o uso inadecuado ou desproporcionado das empresas adicadas ao sector xere prexuízos aos firmes dos camiños e vías que implica, a súa vez, a necesidade de invertir gasto público en arranxos que coa regulación que se pretende aprobar, se evitaría ou alomenos se vería reducida significativamente.

Vista a Resolución desta alcaldía de data 26 de febreiro de 2026 en relación coa aprobación das Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Monfero

Visto canto antecede, **DISPOÑO:**

ÚNICO.- Publicar na web municipal e sede do concello de Monfero o borrador da Ordenanza municipal reguladora da protección de camiños e vías de titularidade municipal con motivo da execución de talas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Monfero durante o prazo de 15 días naturais co fin de que os e as interesados/as poidan presentar as alegacións, no seo do trámite de consulta pública previa, que ao efecto lles faculta o establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, de 2 de abril e segundo o procedemento establecido nas indicadas Directrices do procedemento as que se lle da publicación na web e sede municipal a efectos de xeral coñecemento.

Asinado dixitalmente o alcalde en funcións